

Xestión cultural_hoxe

[estratexias para artistas e xestores]



imparte | Paula Cabaleiro



obradoiro teórico práctico



[OBJECTIVOS]

<< Aportar ao artista e ao xestor/a estratexias de deseño, desenvolvemento e presentación de diferentes proxectos artísticos, así como vías de actuación e acceso para a difusión e visibilidade dos mesmos.

<< Fomentar a capacidade autocrítica do/da artista e do/da xestor/a, propiciando respecto cara o traballo persoal, o desenvolvemento conceptual, o rexistro da obra de arte e do proxecto e a documentación/ catalogación/ inventariado para a súa óptima difusión.

<< Analizar colectivamente modelos, exemplos, formatos e soportes de proxectos artísticos reais, avaliando parámetros de claridade, orixinalidade, eficacia, comunicación e elocuencia, extraendo e debatendo conclusións.

<< Levar á práctica a través de proxectos propios os coñecementos teóricos adquiridos no obradoiro, avaliando posteriormente os resultados.

[CONTIDOS]

BLOQUE 1 | COMO DESEÑAR UN PROXECTO.

Como desenvolver un proxecto expositivo. Estruturas. Partes.

Como desenvolver un proxecto de didáctica artística/workshop.

Como presentar unha idea a unha institución/entidade/xerente.

BLOQUE 2 | COMO PRESENTAR A TÚA OBRA ARTÍSTICA.

Organización. Estruturas.

Dosier. Diferentes formatos e soportes.

Presenza online: WebSite e RRSS.

BLOQUE 3 | MERCADO DA ARTE.

Como acceder a unha galería.

Premios. Bolsas. Convocatorias de residencias.

Feiras. Subastas.

Rede de contactos.

Medios de comunicación.

Como funciona un artista a nivel fiscal.

PRÁCTICA | O MEU PROXECTO

Desenvolvemento do meu proxecto ou dossier.

Avaliación e análise colectivo dos proxectos presentados.

Corrección e tutorización da mesma.

[METODOLOXÍA]

O curso ten **carácter teórico-práctico de 8 horas**, desenvolvéndose ao longo de 2 sesións de 4 horas (cunha pausa-café no medio).

- A **primeira sesión** consiste en dous bloques temáticos (1 e 2), impartidos mediante explicación teórica con apoio de material audiovisual nun plasma, entrega de esquemas e apuntes, o análise de casos reais, debate colectivo e conclusións en grupo. Finalizarase a primeira xornada coa exposición detallada da tarefa práctica a desenvolver en casa polo alumnado no período existente entre as dúas sesións.

- A **segunda xornada** consiste no bloque temático 3, e a avaliación dos proxectos prácticos desenvolvidos polo alumnado do obradoiro, coa presentación dos mesmos. A docente comprométese á tutorización online a posteriori da corrección de erros e mellora dos proxectos desenvolvidos na práctica do obradoiro.

Á finalización do workshop farase entrega dun **certificado de asistencia** a cada un/ha dos/as alumnos/as que asistiron á totalidade de horas impartidas, onde figurarán contidos, data e duración do curso, firmado pola docente e a persoa xerente do espazo onde se desenvolve.

[DATAS E HORARIOS]

O curso desenvolverase no espazo **Taller Germade** (Praza San Xoán, 4, 36940 Cangas) os días:

- 1ª sesión: **sábado 21 de Outubro** do 2017, **de 10 a 14 horas**.
- 2ª sesión: **sábado 28 de Outubro** do 2017, **de 10 a 14 horas**.

[INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA]

A **inscripción** para o curso debe facerse previamente no espazo TALLER GERMADE ou enviando un mail cos teus datos personal (1. nome completo, 2. DNI, 3. Profesión, 4. Teléfono de contacto) ao correo **hablamos@tallergermade.com** / con asunto: CURSO Xestión Cultural Hoxe

O **prezo** da matrícula é de **50 euros** (tarifa xeral) e **45 euros** (para persoas desempregadas ou estudantes presentando a acreditación correspondente), pagando a cota no mesmo espazo ao comezar o curso.

[PAULA CABALEIRO]

[Xestora cultural, comisaria, directora do MAC Florencio de la Fuente]

Licenciada en Belas Artes pola UVigo e mestrado en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas pola USC, actualmente é **directora de exposicións na Fundación Florencio de la Fuente** (Huete, Cuenca), **codirectora da feira de arte contemporánea Cuarto Público** (Santiago de Compostela), **coordinadora do programa de residencias artísticas "Estudio Aberto"** de Rede Museística de Lugo e Deputación de Lugo dende 2013 e **coordinadora do programa "Mulleres en Acción: Violencia Zero"** de Deputación de Pontevedra, dende 2015. Foi **directora en Galicia do Festival estatal Miradas de Mujeres 2014** e entre 2014 e 2015 foi **crítica de arte** redactando artigos na **revista chinesa 重庆青年报**. Fundadora e directora da galería A.dFuga (Santiago de Compostela, 2011-2013) tamén coordina dende 2013 o "Encuentro ArtistasEnRed" (Museo Arqueolóxico de Cacabelos, en León) e o I "Encuentro GestoresEnRed" (Universidade de Valladolid,

2016). Coordinou xunto con Vanesa Míguez o III Encontro de Mulleres Imparables (outubro 2016, Museo de Pontevedra) e desde este ano, tamén é membro da Xunta Directiva da Fundación Premios dea Crítica de Galicia. Foi membro do comité científico e organizador do "Congreso de xénero, museos e arte" en todas as súas edicións 2013, 2015, 2016, 2017 (Rede Museística Provincial e Deputación de Lugo). Ten intervido como poñente en numerosas xornadas como "Fotografía Contemporánea en Galicia" PhotoEspaña2014 (Galería Dispara, A Estrada, 2014), "ARTE+MULLERES" (Consello da Cultura Galega, 2014), "SHE/ELA - Idiomas femininos - procesos creativos, reflexións e resistencias" no Museo Romántico (Oporto-Portugal, marzo 2015), " De literatura e outras artes" no Centro Ágora de Coruña (6.maio.2015), "Seminario Arte a través do Camiño" na Fundación G. Torrente Ballester de Compostela (setembro.2015) ou "ForoMAV" 2015 no MNCARS (Madrid, maio 2015). Ademais, participa como 'art follower' no "V Encontro de Artistas Novos" de Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela, setembro 2015). **Entre os seus últimos comisariados**, destacan a **presente** "Metría2" de Rubén Fernández Castón (MAC Florencio de la Fuente, Huete-Cuenca 2017) e as **recentes** "Nación S.A." de Iago Eireos (Centro Marcos Valcarcel de Deputación de Ourense, 2017), "Pegadas na Terra" (Culturgal 2016, Pontevedra), "Compañías Convenientes" (Fundación Camilo José Cela, 2016 e Afundación Santiago 2016-2017) e "Experimenta 16" (Centro Marcos Valcarcel de Deputación de Ourense, 2016), "Somos Espazo" (Culturgal 2015, Pontevedra), "Do papel ao xesto" (Culturgal 2014, Pontevedra), a mostra multisede "En (re)torno ao paisaxe" (Museo de Pontevedra e Igrexa da USC en Compostela). Foi coordinadora xunto a Gema Sesar no proxecto "Camiño/a", facendo o camiño portugués de Santiago pola costa con 4 mulleres ilustradoras, no marco de "Compostela Ilustrada".

Participa en **proxectos de acción social** implicados co tecido asociativo e con persoas con capacidades diferentes, destacando "Nos+otras en Red" en Museo Thyssen-Bornemizsa de Madrid, dende setembro de 2015 ata xuño de 2017, culminando coa exposición "El espacio de la memoria" (febreiro-marzo 2017, Museo Thyssen-Bornemizsa).

